



## CONVENIO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE CERVO

En Cervo a 20 de outubro de 2021.

Dunha parte, D. Miguel Salazar Giménez con DNI nº 34.882.949 E, en calidade de solicitante dunha axuda de emerxencia social.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora das bases do réxime local.

### EXPOÑEN

PRIMERO: Que o Concello de Cervo, no exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases do réxime local, está interesado en conceder unha subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a Miguel Salazar Giménez co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda de aluguer da súa vivenda habitual.

SEGUNDO: Que Miguel Salazar Giménez, solicitou do Concello de Cervo unha axuda económica de emerxencia social para a cobertura da débeda do aluguer dos meses de xullo e agosto de 2021 co arrendador da súa vivenda habitual.

En base ao anteriormente exposto, o Concello de Cervo e Miguel Salazar Giménez asinan o presente convenio de axuda de emerxencia social coas seguintes

### CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a Miguel Salazar Giménez co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda co arrendador da súa vivenda habitual.

Segunda.- O Concello de Cervo achegará, en concepto de subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social, a cantidade de 500 € con



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

cargo á partida 231/48000, para a cobertura da débeda de aluguer da súa vivenda habitual, dos meses de xullo e agosto de 2021.

Terceira.- Vista a autorización de pago directo polo Concello ao arrendador, se considera xustificada a subvención pola realización deste pago.

Cuarta.- O pago da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de conformidade co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

Sexta.- Este convenio terá vixencia ata a completa execución e xustificación da axuda e, en todo caso, a súa vixencia non se estenderá máis alá do 31 de decembro de 2021.

Sétima.- O Concello de Cervo resérvase as facultades de efectuar cantas actuacións de seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio considere convenientes.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas dúas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde



Alfonso Villares Bermúdez

Miguel Salazar Giménez

DNI: 34.882.949E